

## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL TRECE


No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día vinte e oito de outubro de dous mil trece reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande, baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Actúa de secretaria Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día:

**1.- Aprobación se procede das actas dos plenos dos días vinte e oito de agosto de 2013.** Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

**2 Proposta para a derogación da varios artigos da ordenanza reguladora e fiscal da prestación do servizo de axuda no fogar e aprobación dunha nova ordenanza fiscal .** Despois de que a secretaria lese a proposta que se copia a continuación: Logo da publicación do Decreto 99/2012 do 16 de marzo no DOG Núm.. 63 do 30.03.2012 e polo que se regulan os servizos sociais comunitario e o seu financiamento e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro no DOG Núm.182,do 24.09.2013, procede adaptar a ordenanza municipal da prestación do servizo de axuda no fogar de Cerdido publicada no BOP do 21.07.2009 o seu texto polo que se modifica os seguintes artigos para proceder a separar o que é a ordenanza reguladora do servizo da ordenanza fiscal polo que se propón a adopción do seguinte acordo : Primeiro:Dado que a natureza xurídica do copagamento pasa de ser unha taxa a un prezo público procede depurar a denominación ou a derogación dalgúns artigos así se acorda cambiar o nome dos seguintes artigos da ordenanza: Artigo 1: pasa a de nominarse, Definición do servizo: Artigo 4: pasa a nominarse: Dos beneficios do servizo. Procede a derogación dos puntos 4.3, e 4.4 Procede a derogación dos artigos 18,19,20,21 e 22.Segundo: Procede regular o copagamento segundo establece o Decreto 99/2012 polo que é necesario aprobar unha nova ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar cuxa redacción é a seguinte: **Artigo 1.º.–Obxecto. De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capítulo VI do Título I do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, que constituía un servizo público municipal que se presta de acordo co establecido na Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, Regulamento municipal e disposicións da presente ordenanza. Artigo 2.º.–Obrigados/as ao pagamento. Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado mediante a presente ordenanza as persoas usuarias do servizo municipal de axuda no fogar. Artigo 3.º.–Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia. A capacidade económica das persoas dependentes valoradas que teñan recoñecido un dereito de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina**

o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Artigo 4.º.– **Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia.** No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios: Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar. Artigo 5.º.– **Contía do prezo público.** Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas, establécese o prezo da hora de prestación do servizo en 12,80 €, revisable anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ao consumo publicado polo Instituto Nacional de Estadística. A importe total será o resultado de multiplicar a contía do prezo público referida a unha hora de prestación do servizo polo número de horas de prestación efectiva do mesmo. Artigo 6.º.– **Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.** 1.–No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo. 2.–Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
<=20 h	<=45 h	<=70 h	
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
<=20 h	<=45 h	<=70 h	
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa usuaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade que se debe pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.3. En ningún caso o importe da participación económica que debe ingresar a persoa usuaria en concepto de participación no custo do servizo poderá exceder o 90 % do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora. **Artigo 7.º.-Participación das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia. Para** o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ao cálculo da capacidade económica per cápita, segundo o establecido no artigo 4 da presente ordenanza.

	Participación no custe do servizo de SAD básico
--	---


Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	10%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	20%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	40%
Maior de 2,5	60%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica. **Artigo 8.º.–Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos. De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Cerdido** **Artigo 9.º.–Nacemento da obriga de pago.** A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión: Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante a primeira quincena do mes seguinte. Por parte do Concello, e sobre a base do parte de traballo asinado conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento. **Artigo 10.º.–Infraccións e sancións.** As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.** Esta ordenanza derroga expresamente o parágrafo terceiro e cuarto do artigo 4 e os artigos, 18,19,20.21 e 22 da ordenanza reguladora do e fiscal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cerdido publicada no BOP núm. 19, do 21 de xullo de 2009, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma. **DISPOSICIÓN DERRADEIRA.** Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior. Cinco votos** a favor dos concelleiros Juan José Ramos Prieto, Faustino Cebreiro Paz, José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da alcaldesa, e catro abstención dos concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Cándido Eusebio Prieto Lago, Benigno Galego Castro e Jairo Orjales Sande.

**O concelleiro Benigno Galego Castro,** pregunta a alcaldía si se vai a subir mais a taxa ?

**A alcaldesa** manifesta que esta modificación supón adaptar a ordenanza municipal ao que pon a normativa e que non pensa subir mais a taxa que o que ven hoxe ao pleno

**O concelleiro Cándido Prieto Lago,** afirma que uns ingresos de 2,5 o IPREM é ser mileurista,



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

### **3 Modificación das bases de execución do presuposto municipal. Despois de que a secretaria lese a proposta que se copia a continuación:**

Logo de aprobar o reparto de subvencións as asociacións municipais e xa que existe crédito nas aplicacións presupostarias 3.489,00 para poder repartir entre as asociacións ou entidades que por diversos motivos non entraron no programa e motivado pola necesidade de fomentar por unha banda as festas parroquias e por outra as actividades culturais extraescolares cos nenos matriculados no IES de Cedeira, esta Alcaldía acorda: **PRIMEIRO:** Modificar as bases de execución do presuposto municipal no seu artigo 25, incorporando un novo parágrafo que queda redactado do seguinte xeito. 5 Aprobamos as seguintes subvencións nominativas para fomentar as festas parroquiais e as actividades culturais entres os nenos e nenas do concello que cursan estudos no IES de Cedeira, as seguintes entidades e polo seguintes importes

Comisión de festas da Barqueira.	500 €
IES Punta Candieira de Cedeira	200 €

**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a proposta anterior.**

A alcaldesa toma a palabra para explicar que tódolos anos dáselle a mesma cantidade a cada comisión de festas e este ano, non presentaron os papeis en tempo e non se lle puideron aprobar polo que, xa que hai consignación presupostaria, propónse a concesión da subvención pola vía das nominativas.

O Concelleiro Benigno Galego Castro manifesta que creía que estaba todo o ano aberto o prazo para solicitar as subvencións.

**4.- Aceptar a cesión de varios tramos de antiga estrada AC 102, AC110 e AC 862..** Despois de que a secretaria lese a proposta que se copia a continuación: Logo de solicitar a xefatura provincial de infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a cesión de varios tramos de estradas autonómicas e realizado o informe favorable do servizo e co gallo de axilizar o seu mantemento e evitar trámites administrativos os veciños e ao abeiro do disposto no artigo Ano artigo 5 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas logo de acordo entre as administracións afectadas, esta Alcaldía propón o seguinte acordo: **Primeiro:** Aceptar a cesión dos seguintes treitos:

A.- Treitos antigos da estrada autonómica AC-102 As Felgosas ( AC -862 )- Esteiro ( AC-566 )  
P.q. 0+570 AO PQ.0+700 ME  
Pq 0+810aopq.0+880 ME  
Pq 1+090 ao pq.1+160 ME  
Pq.1+700 ao pq.1+780ME  
Pq.2+100ao pq, 2+300MD

Pq. 5+540 AO PQ.5+840 ME

Pq6+140 ao limite Concello MD

B.-Treitos antigos da estrada autonómica AC-110 As Felgosas – Espiñaredo

PQ.0+495 ao Pq. 0+850 ME

C.- Treitos antigos da estrada autonómica AC862 Ferrol – límite da provincial

AC135 AC 862 – Ponte Barbelas -AC862 Lonxitude 1010 M.

**Segundo:** Remitir este acordo a Consellería competente para que continúe a tramitación do expediente de cesión. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade e a proposta da alcaldía acordan retirar da orde do día este punto para aclarar si o tramo autonómico nos Casás vaise ceder tamén**


**A alcaldesa** explica que estes tramos son as variantes en desuso das estradas de titularidade autonómica, con este acordo preténdese axilizar o mantemento destes tramos xa que as veces a Xunta non quere amañalas porque están en desuso. O tramo de maior tamaño é o acceso a Barbelas que no caso de amañalo deberemos incluílo no POS ou noutro plan. Esta cesión esta realizándose en tódolos concellos.

**O concelleiro Benigno Galego Castro** entende que con este acordo pretende a Xunta desfacerse do mantemento destes tramos, pero solicita que se lles pida que antes de materializar a cesión deixen estes tramos en perfecto estado, así mesmo pon de manifesto que o tramo nos Casás deberíase ceder a Deputación Provincial, porque enlaza cun tramo dunha estrada de titularidade provincial.

**O concelleiro Jairo Orjales Sande** pon de manifesto que resulta chocante que sexa o Concello quen inicie o expediente e apoia a solicitude realizado por Benigno Galego Castro, para que antes da cesión deixen os tramos en bo estado e pregunta que beneficios reporta ao Concello.

**A alcaldesa** contesta que no momento que sexan municipais non haberá que solicitar permisos para realizar obras nas vivendas. O tramo dos Casás non ven no informe que remitiu a xunta a pesar de que viñeron a medila, polo que pensa que debe haber un erro e solicita a retirada do asunto da orde do día a espera de aclarar este punto.

**5.- Declaración de rexeitamento e condena de todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.** A secretaria lee a moción que se copia deseguido: O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 94 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCION. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS. A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría a banda Resistencia Galega ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e denotación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político. A mediados do mes de setembro deste ano 2013 a Audiencia Nacional condenou a catro integrantes de Resistencia Galega por diferentes delitos de terrorismo, como son a tenencia de explosivos con fins terroristas, a participación en organización terrorista ou a falsificación de documentos oficiais con fins terroristas. Segundo a sentenza, a Policía Nacional interceptou a estes terroristas con artefactos que contaban con sistemas temporizados de ignición “en perfectas condicións para lograr a súa explosión”, coa que terían provocado desperfectos materiais e “posto



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

en perigo a vida e integridade das persoas”. Así mesmo, a Audiencia Nacional cualificou a Resistencia Galega como unha “organización terrorista” que “ten por finalidade subvertir a orde constitucional” e que “xustifica o emprego de violencia contra as persoas e os bens como único medio de lograr os seus propósitos”. Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo. Calquera tipo de violencia, e por suposto a terrorista, non ten cabida nunha democracia. Todos os cidadáns e, especialmente, os representantes públicos debemos estar unidos na súa condena e en ningún caso desculpando ou minimizando feitos que poden atentar contra a vida e a integridade das persoas. Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular no concello Cerdido eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1. Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados cabo pola organización terrorista Resistencia Galega. 2. Solidarizámonos coas vítimas dos atentados terroristas e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destas actos. 3. Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos. **Os membros do Pleno por unanimidade aprobaron a declaración anterior.**

**A alcaldesa** explica que con esta moción pretende rexeitar calquera acto terrorista e o seu fundamento xa está explicado na moción.


**O concelleiro Benigno Galego Castro**, non entende porque se presenta esta moción, xa que todos os partidos aquí representados son democráticos.

**O concelleiro Jairo Orjales Sande**, explica que ningún partido político aquí representado está de lado da violencia.

**6.- Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para que o Concello de Cerdido asuma o COPAGO dos medicamentos dispensados nas farmacias Hospitalarias do SERGAS aos veciños e veciñas de Cerdido.** A secretaria deu lectura a moción seguinte: O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base ás seguintes consideracións e baseada na seguinte exposición de Motivos: "Moitos dos veciños de Cerdido, que por desgraza son máis dos que nos gustaría que fosen, sofren problemas graves de saúde que en algúns casos son crónicos con tratamentos longos en anos e outros desgraciadamente son moi graves e letais pero a pesar de ser curtos son de moito tratamento medicamentoso e moi custoso. Estes tratamentos eran dispensados no Servizo de Farmacia Hospitalaria sen custo para estes doentes e que agora van se a pagar o 10 por cen dun vademécum de cerca de 200 medicamentos desde o 1 de Outubro" »"Podemos facer a demagogia de dicir que este problema non concerte os

Concellos, que son dos Parlamentos, desde o PSdeG-PSOE de Cerdido cremos que tamén concerte denunciar este atropelo que van sufrir moitos veciños que por desgraza teñen enfermidades irreversibles ou crónicas, pero polo efecto de recortes e falla de traballo familiar poden estar en condicións de dificultade económica con problemas tanto alimentarios como de hixiene ambiental o cal si xa concirne os Servizos Sociais do Concello".o Goberno de Rajoy segue cebándose nos sectores máis débiles da poboación de forma, cada vez, máis inxusta e incomprendible. Os Galegos quedámonos atónitos ao saber que, dende o día 1 de outubro, os enfermos de cancro, de hepatite C, de tumores cerebrais, de esclerose múltiple e doutras graves doenzas, van ter que pagar o 10% do prezo das medicinas que necesitan para o seu tratamento. (cun máximo de 4,2 euros por medicamento) E ADEMAIS POR SORPRESA Cidadanía, profesionais e pacientes amósanse indignados e escandalizados ante unha medida cruel e inxusta corno é a do copagamento de medicamentos de dispensa hospitalaria, que se recolle na Resolución de 10 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Carteira Básica de Servizos do Sistema Nacional de Saúde e Farmacia, pola que se procede a modificar as condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde mediante a asignación de achega do usuario. A propia Sociedade Española de Farmacia Hospitalaria xa sinalou que este Y copago é plenamente inxustificable, xa que non contribúe a racionalizar o consumo nin serve como instrumento de financiamento adicional. Este copagamento carece de efecto disuasorio, xa que non ten sentido modular a demanda destes medicamentos, debido ás estritas indicacións e control hospitalario da dispensa destes para gravísimas patoloxías como hepatite C, esclerose múltiple ou diversos tipos de cancro. Por outra parte, a outra xustificación do copagamento, o aforro económico, non é tal. Cálculos do sector da farmacia hospitalaria sinalan que en Galicia o aforro anual será de pouco máis de 300.000 euros. O aforro económico será ínfimo para as arcas da Xunta de Galicia pero non sucede igual para os pacientes, con gastos que poden significar, por exemplo, para un enfermo de hepatite C máis de 40 euros mensuais (480 euros anuais} por unha medicación imprescindible para a súa supervivencia (lembramos que o custe máximo deste copagamento é de 4,20 euros por envase, nin por mes nin por paciente).A vista que tanto o Goberno Central presidido por Rajoy e a súa Ministra Mato non dan marcha atrás con este atropelo os cidadáns, e que o Presidente da Xunta o Sr. Feijoo como a Conselleira de Sanidade Rocío Mosquera corroboran que se val cobrar en Galicia o Grupo Socialista neste Concello de Cerdido vamos solicitar que parte de este copagamento o asuman as arcas municipais tendo en conta que o custe non sería moi elevado para o Concello, xa que vendo as estatísticas a medida podería afectar a poucas persoas, pero en cambio si que melloraría moito a calidade de vida destes veciños e veciñas. Uns veciños e veciñas que, en todo caso, terían que dispoñer dun informe favorable dos Servizos Sociais, de xeito que esta medida beneficie a aqueles persoas que non dispoñen de moitos recursos e que están perdendo calidade de vida debido aos distintos copagamentos, repagamentos, subida de impostos ou parda adquisitiva das súas pensións por culpa da política de recortes aplicadas polo Partido Popular. Polo que o PSdeG-PSOE non Concello de Cerdido somete á consideración do Pleno esta MOCION, para que este adopte ou seguinte ACORDO.-Que o Concello de Cerdido asuma o COPAGO des medicamentos dispensados nas Farmacias Hospitalarias do SERGAS aos veciños e veciñas,o custe non sería moi elevado para o Concello e as persoas beneficiadas serían valoradas polos Servizos Sociais municipais para que as persoas máis necesitadas non se vexan prexudicadas.16 de Outubro de 2013.Asdo,Cándido Prieto. Lago concelleiro do PSdeG-PSOE Cerdido. Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a seguinte moción coas seguintes emendas presentadas polo voceiro do PSdeG PSOE incorporando os tres primeiros puntos da moción presentada polo voceiro do BNG e incluíndo a seguinte coletilla: nos vindeiros presupostos municipais e por emerxencia social polo que a parte dispositiva do acordo queda redactada do seguinte xeito:





## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

- 1.- Instar a Xunta de Galicia a que demande a derogación da Resolución do 10 de setembro de 2013 do Goberno do Estado, polo que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
2. Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país
- 3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e o Presidente do Goberno do Estado
4. Que o Concello de Cerdido, nos vindeiros presupostos municipais e por emerxencia social, asuma o COPAGO dos medicamentos dispensados nas Farmacias Hospitalarias do SERGAS aos veciños e veciñas, o misto non sería moi elevado para o Concello e as persoas beneficiadas serían valoradas polos Servizos Sociais municipais para que as persoas máis necesitadas non se vexan prexudicadas.

**O concelleiro Benigno Galego Castro**, explica que coñece a moción que se presentou no Rexistro de entrada do Concello o día 26.10.2013 por parte do concelleiro Jairo Orjales Sande sobre o mesmo tema, e que non ten inconveniente ningún en incorporar a súa moción os tres primeiros puntos.

**A alcaldesa** explica que a moción tal como se presenta non se pode aprobar, porque non hai partida presupostaria este ano para facer fronte a estes gastos, ademais descoñece si Xunta de Galicia vai a poñer en práctica este copago que cree que ata agora non se fixo e entende que o copago debe ser en función dun baremo económico, quedando as rendas máis baixas exentas, ademais para levar a cabo isto, deberán existir unhas normas que regulen o seu abono. Entende que se pode aprobar os tres puntos reflexados na moción do BNG no que se insta a derogación da norma e que non aplique, e que noutro pleno se poñan as normas e o procedemento para realizar estes pagos xa que deben estar condicionados só para as rendas baixas.

**O concelleiro Benigno Galego Castro** intervén para dicir que non vaia a retirar a moción do pleno e que en todo caso pon unha coetilla para condicionar o acordo a existencia de crédito presupostario nos presupostos do ano 2014


**O Concelleiro Jairo Orjales Sande** explica que o importante é consensuar unha moción entre todos para que non se aplique o copago de medicamentos.

### Control e fiscalización dos órganos da Corporación:

#### 7 Dar conta dos decretos da Alcaldía

Nº	Data	Descrición
<b>Agosto 2013</b>		
182	21/08/2013	Autorización a Arumes do Castro para usar un local da escola de Avispeira para clases de pintura
183	21/08/2013	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para celebrar as festas do Rosario
184	22/08/2013	Aprobación do expediente de modificación de crédito para o fondo de compensación ambiental

185	23/08/2013	Convocatoria e bases para a creación dunha bolsa de peón e de condutor de maquinaria municipal
186	26/08/2013	Aprobación do expediente de modificación de crédito para investimento de reposición en edificios
187	26/08/2013	Acordo de prorrogar o contrato de M <sup>a</sup> Adela García Villadóniga como auxiliar de axuda no fogar
188	26/08/2013	Aprobación do expediente de modificación de crédito para investimento de reposición en edificios
189	29/08/2013	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para usar o equipo de megafonía municipal
190	29/08/2013	Autorización a Albar Quercus para usar a casa da cultura para os cursos de bordado e bolillos
<b>Setembro 2013</b>		
191	02/09/2013	Aprobación da certificación nº 2 da obra edificación para almacén nos Casás
192	04/09/2013	Aprobación de facturas do nº 305 ao nº 321
193	05/09/2013	Aprobación da certificación nº 1e final da obra “Camiño cruce do río a Penadovico e outros”
194	06/09/2013	Autorización a Comisión de festas de Cerdido para celebrar as festas da Virxe Dolores
195	06/09/2013	Autorización a grupo municipal do PSdeG-PSOE para usar a casa da cultura para unha xunta
196	06/09/2013	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para usar un local de Avispeira para celebrar un campionato de fútbolín
197	06/09/2013	Autorización a Arumes do Castro para usar un local do Castro para os ensaios da coral
198	09/09/2013	Actualización do alugueiro da vivenda do 1º piso de Felgosas segundo o Índice Xeral de Prezo
199	09/09/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
200	10/09/2013	Altas no padrón municipal de habitantes
201	11/09/2013	Acordo de levar a cabo o cambio da carpintería de aluminio da casa do concello
202	11/09/2013	Aprobación da certificación nº 1 e da factura da obra “Camiño a Seoane”
203	12/09/2013	Acordo de devolución da garantía depositada para responder pola obra de “Camiño a Carracedo”
204	13/09/2013	Aprobación de facturas do nº 322 ao nº 335
205	16/09/2013	Adxudicación do contrato para o mantemento da ETAP
206	18/09/2013	Concesión de licenza nº 2013/U009/000017 para a instalación de ventás, porta e portal en Porto
207	19/09/2013	Aceptación da renuncia á licenza nº 2013/U009/000001 para peche de parcela en Seixas
208	19/09/2013	Aprobación dos marcos presupostarios a medio prazo para a elaboración dos presupostos locais
209	25/09/2013	Concesión de licenza nº 2013/U009/000020 para pintar fachadas en Felgosas
210	25/09/2013	Aprobación da certificación nº 2, final e acta de recepción da obra “Camiño a Seoane”
211	27/09/2013	Aprobación de facturas do nº 336 ao nº 349
212	27/09/2013	Expediente de modificación de crédito número 05/13, de xeración de créditos. Cursos de servizos sociais
213	27/09/2013	Acordo do 2º tenente de alcalde da totalidade das funcións da alcaldía os días 4, 5 e 6 de outubro
214	30/09/2013	Concesión de licenza nº 2013/U008/000010 para a reparación dunha cuberta en Lubeira
<b>Outubro 2013</b>		
215	01/10/2013	Concesión de subvencións municipais a asociacións e entidades segundo a convocatoria 2013
216	01/10/2013	Acordo de colaboración coa fundación ECCA para deixar un local da casa da cultura para impartir clases de preparación para a obtención do certificado da ESO
217	07/10/2013	Autorización a Comisión de festas da Barqueira para celebrar as festas do Pilar
218	07/10/2013	Alta no padrón municipal de habitantes
219	08/10/2013	Inicio do procedemento de contratación de catro peóns a media xornada ao abeiro da subvención



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

		da Consellería de Traballo e Benestar
220	09/10/2013	Acordo de solicitude dunha subvención a Deputación para arranxar o camiño Cruz Encarnada-Vilarelle
221	09/10/2013	Acordo de solicitude dunha subvención a Deputación para a pavimentación dun camiño en Porto
222	10/10/2013	Acordo de participación no programa de mellora de camiños de titularidade municipal financiado polo Feader
223	14/10/2013	Autorización a Airiños para usar os locais do Castro para actividades de inverno
224	14/10/2013	Autorización a particular para usar un local do castro para conferencia de medicina natural
225	17/10/2013	Aprobación de facturas do nº 350 ao nº 382
226	17/10/2013	Autorización a grupo PSdeG-PSOE de Cerdido para usar a casa da cultura para unha reunión
227	17/10/2013	Autorizar a Cándido Prieto Lago, en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, para usar un local da Casa da Cultura, o venres 18 de outubro
228	18/10/2013	Padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de axuda no fogar do segundo trimestre do 2013
229	21/10/2013	Aprobación de facturas de 383 a 386
230	21/10/2013	Aprobar a conta xustificativa da subvención do Fondo de Compensación Ambiental na liña de concorrencia competitiva
231	22/10/2013	Outorgar a licenza de obras a D. JOSE-ANDRES SANTALLA VILLAR para levar a cabo as obras de Construción de vivenda unifamiliar illada,
232	22/10/2013	Convocatoria de pleno ordinario

O concelleiro **Benigno Galego Castro** solicita unha aclaración do contido dos seguintes Decretos:

Núm. 221, que camiño se inclúe neste proxecto: A alcaldesa explica que as obras realizaranse diante da Feira da Barqueira

Núm.222 que camiños se inclúen neste proxecto. A alcaldesa explica que se inclúen camiños na Xaneira e no Feal.

O concelleiro **Jairo Orjales Sande** solicita aclaración dos seguintes Decretos

Núm. 184-232 que obras se incluíron no Fondo de Compensación Ambiental. A alcaldesa explica que se cambiaron as ventás da casa do concello para aforrar en calefacción.

Núm. 205, cantas empresas se presentaron no expediente de contratación A alcaldes explica que soamente se presentou Aguagest


Solicita que nos Decretos no que se dean de alta no padrón de habitantes se indique o lugar.

## 8.-Dar conta do informe sobre o cumprimento do prazo previsto de pago das obrigacións o abeiro da lei 15/2010. terceiro trimestre de 2013.

Informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pagamento de obrigas.

**I.- NORMATIVA APLICABLE**-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da lei de facendas locais -Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.( TRLCSP ) modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro de 2013, de medidas de apoio o emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.**II.- CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o artigo 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe:O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas, ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta recentemente modificado polo Real Decreto 4/2013 do 22 de febreiro o establecer que: “A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á **data de aprobación das certificacións de obra** ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4”. Modificación que supón alterar o criterio aplicado ata o día de hoxe, xa que computábase o prazo de trinta días dende a presentación da factura ou certificación de obra no rexistro de entrada do concello. A nova normativa impón a obriga de tramitar (aprobar ou non) este documento de pago no prazo de trinta días dende a presentación da factura, iniciándose por tanto o prazo de trinta días dende o acto de aprobación da factura e non dende a presentación no rexistro público. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/07/2013 e 30/09/2013 (terceiro trimestres 2013) se obtén a seguinte información:**1 Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre**

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	8,8172	0	97	66.596,89	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos	8,8172	0	97	66.596,89	0	0
20- Arrendamentos e Canons	0	0	0	0	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	4,9679	0	18	22.078,78	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	10,7263	0	79	44.518,11	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00



# Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00
2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
<b>Inversións reais</b>	<b>5,1111</b>	<b>0</b>	<b>3</b>	<b>117.295,92</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)	5,1111	0	1	117.295,92		0
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0	0	0,00
<b>Outros Pagos realizados por operacións comerciais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
<b>Sen desagregar</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>
Aplicados a presuposto	0	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0	0	0,00	0	0
<b>Total</b>	<b>6,4533</b>		<b>100</b>	<b>183.892,81</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

## 2 Intereses de demora pagados no período: Ningún

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes: **Ningunha**

## 3 Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (artigo 4º. 3 Lei 15/2010).

Facturas o documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período medio pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados ao final do Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	3,00	0,00	7	7087,55	0,00	0,00
20- Arrendamentos e Canons	0,00	0	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, Mantemento e conservación	3	0	1	453,33	0	0,00
22- Material, Subministro e Outros	3	0	6	6634,22	0	0,00
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro	0,00	0	0	0,00	0	0,00
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,00	0	0	0,00	0	0,00

2 - Sen desagregar	0,00	0	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presuposto	0,00	0	0	0,00	0	0,00
<b>Inversións reais</b>	<b>3,00</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>27,731,33</b>		<b>0,00</b>
<b>Outros Pagos realizados por operacións comerciais</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>
<b>Total</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>11</b>	<b>34.818,88</b>	<b>0</b>	<b>0,00</b>

4 )**Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses** dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ( artigo 5º. 4 Lei 15/2010): **Ningunha** III.- **CONCLUSIÓN** Estes son os datos que aporta a aplicación informática facilitada pola Deputación da Coruña .É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propoñendo:Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia. Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no artigo 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a catorce de outubro de dous mil trece.

**9 Mocións de Urgencia.** Non se presentou ningunha

#### **10- Rogos e Preguntas.**

**O concelleiro Benigno Galego Castro realiza as seguintes preguntas e rogos .:**

Xa esta tramitado o permiso de Augas de Galicia para o camiño nas Mestas polo que se solicita se inclúa esta obra no POS e tamén o camiño que vai a casa de Claudio nos Casás . Así mesmo que se realice unha revisión de todas as pistas municipais antes de que entre en vigor a normativa da madeira.

É posible poñer un paso de peóns en Felgosas ? A alcaldesa explica que xa consultou moitas veces este tema e que en principio por seguridade vial non se podía poñer pero que agora din que si se pode pero desprazando para que esté mais lonxe da curva, anuncia que este tema e complicado porque os pasos de peóns non sempre son respetados .


Solicita a limpeza do paseo polo rio Pontellas.

Como esta o tema do camiño nos Casás. A alcaldesa explica que falta o informe técnico.

Solicita o informe sobre os modificados das obras. A alcaldesa afirma que non ten estes informes.

Existe unha oferta para o mantemento do campo de fútbol, nesta oferta se inclúe o abonado e o segado. O concelleiro José Esmoris Aldao contesta que na oferta esta incluída o segado e o abonado con maquinaria propia da empresa e entende que as condicións son moi beneficiosas para o concello.

Reitera a solicitude formulada noutros plenos de acceder as facturas de dirección de obra e redacción do proxecto da nave dos Casás e a factura da area botada ao campo de fútbol, así como a do seguro do camión de lixo . A alcaldesa afirma que non sabia que as solicitara e que se van a buscar.



## Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido  
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027  
www.cerdido.es correo@cerdido.es

Solicita saber o importe anual da xestión que lle fai traballos ao Concello. A alcaldesa explica que non hai un contrato concreto e que se lle paga por traballos concretos que realizar, e que traballo co concello dende hai corenta anos.

Solicita que se notifique as convocatorias do pleno con anterioridade para poder examinar os asuntos mais detenidamente.

### **O concelleiro Jairo Orjales Sande realiza as seguintes preguntas e rogos:**

Hai un eucalipto nas Travesas perigoso? A alcaldesa afirma que non o sabia e que vai a mirar

Hai un hórreo en Curutelo no que se desprenden as lousas e pode ser perigoso? A alcaldesa afirma que sabia do tema porque lle chamaron por teléfono, pero non localiza os propietarios porque son de fora e un conxunto de herdeiros e anuncia que estudará o tema por si se pode poñer unha rede.

### **O concelleiro Cándido Prieto Lago realiza as seguintes preguntas e rogos:**

Presentáronse alegacións a ordenanza da saca de madeira? A alcaldesa explica que si, e que se están a redactar de forma conxunta a súa contestación por parte de todos os concellos.

Seguen sen amañar as farolas xunto a casa de Vicky e informa dun rexistro tupido xunto o Polideportivo municipal.

E, non habendo mais asuntos que tratar, a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as catorce horas e dez minutos do día vinte e oito de outubro de 2013. Do que eu como Secretaria dou fe:

A alcaldesa

A secretaria

Ana Rodríguez Montero

Paula Díaz Tie